

## FASES DO CAPITALISMO

**PRECEDENTES: Idade Media : S.XI- S. XV**

- a) Sistema político: feudalismo. Descentralización do poder: nobleza- clero- rei
- b) Sistema económico: feudal.

A partir do S. XI inicio dunha economía de mercado. Burgos

- c) Práctica:

Se abre o mediterráneo- Cruzadas (1097-1212) Nobleza occidental, cristianos contra musulmanes.

Comercio con Oriente. Ruta das especias e produtos de luxo.

Monetarización da economía: ouro nas minas centroeuropeas  
Nacemento dos burgos

Desenvolvemento da Banca: Siena, Florencia, Brujas,  
Amberes

Cidades italianas: Florencia, Venecia, Xanove

- d) Inventos: (S.XIV) a pólvora para armas de lume. S. XV a cartografía, a brúxula e o sextante. IMPRENTA en 1445, abrindo novas posibilidades á información, educación e cultura.

## 1 MERCANTILISMO

A) Cronoloxía: S.XVI – XVII

B) Sistema político: Monarquía autoritaria (S. XVI)  
Monarquía absoluta (S. XVIII)

C) Sistema económico: Capitalismo mercantil ou comercial.

Dende Italia, Alemania, Francia e Holanda. Nace o mercantilismo que considera o factor principal da riqueza a moneda en sí. Ascenso dunha nova clase urbana (A BURGUESÍA)

D) Praxis

Os descubrimentos marítimos, na busca dunha nova ruta con Asia, inician unha nova etapa histórica, na que as nacións marítimas europeas desempeñan un papel predominante.

O imperio mundial é hispano-portugués. Os portugueses explotan Africa occidental (Madeira, Ozores, Cabo Verde) e India en 1505-1515 (Goa, Ceilán, Malaca, India Insular) pero en 100 anos declinan ante os ataques da flota inglesa e holandesa. POSESIONS

Despois da derrota da Armada Invencible (1588) quiebra do poderío español e comezo da hexemonía comercial inglesa.

Estas relacións permiten o afluxo cara Europa de ouro e prata, medios de pago necesarios para a expansión do comercio.

S.XV-XVI as fortalezas costeiras portuguesas son centros de comercio e, sobre todo, mercado de escravos (a metade morrerán no transporte á América)

Dende o S. XVI ao XVIII, prodúcense intercambios comerciais . o comercio marítimo e o tráfico de escravos (que non rematará ate 1873), explicarán o poder de Inglaterra na súa posición dominante. **COMERCIO TRIANGULAR**  
Creanse **FACTORIAS COMERCIAIS** nas costas africanas, na ruta da India e de Indonesia... onde tiñan as súas colonias

O centro de gravidade económico é o Océano Atlántico. Incremento do **COMERCIO MUNDIAL** e desenvolvemento da agricultura :Patacas, millo, tabaco que contribuirá ao posterior crecemento demográfico europeo.

**EUROPEIZACIÓN DO MUNDO. QUE SE ACELERARÁ NO S. XVII.** Florecen no século XVII os Países Baixos. **COMERCIO MARÍTIMO INTERCONTINENTAL:** Entre 1750 e 1850, a expansión dalgúns países europeos: **INGLATERRA, HOLANDA, PORTUGAL, ALEMANIA, ESPAÑA**

## E) Ideoloxías

O **PROTESTANTISMO**, o calvinismo. Esta ética é clave no desenvolvemento deste sistema económico. O Estado forza dominante. Calvinismo: separación Igrexa e Estado. Nova concepción do traballo: laboriosidade, aforro e afán de lucro

2 **CAPITALISMO** industrial e financeiro

A) **CRONOLOXÍA S.XVIII – S.XX**

B) **SISTEMA POLÍTICO:** Despotismo ilustrado (S. XVIII)  
Liberalismo (S.XIX) Democracias (S.XX)

C) **Sistema económico:** 2 fases:

A) **Capitalismo Industrial**

B) **Capitalismo financeiro**

## 2.1 CAPITALISMO INDUSTRIAL

a) cronoloxía: 1780- 1850

b) Teorías políticas:

Montesquieu (división de poderes: executivo, lexislativo, judicial)

Revolución Francesa (liberalismos)

1775-1783 Guerra de Independencia Americana

1789 Revolución Francesa: abolición del diezmo, dereito á propiedade privada. Expresión da nova clase burguesa

Imperio Napoleónico. Liberalismo

1811 primeiros movementos luditas: destrucción de máquinas

Transformacións institucionais: **FÓRMANSE GRANDES IMPERIOS CAPITALISTAS. Derrocamento dos absolutismos e novas formas de goberno. A sociedade de clases :**  
burguesía/proletariado.

c) Teorías económicas: Adam Smith: liberalismo económico: *laissez faire, laissez passer*. Fisiocratas en reacción contra o mercantilismo (a terra eixo da economía). Adam Smith. A orixe da riqueza está no traballo, non na terra. O prezo de mercado establecece polo libre xogo da oferta e da demanda.

O liberalismo económico é o equivalente das novas doutrinas da ciencia no campo económico. Ordenamento natural, non controlado polo Estado.

**LIBRE COMPETENCIA :** o mercado regula a oferta e a demanda e marca o prezo.

**DIVISIÓN DO TRABALLO:** máis produtividade

**LIBRE COMERCIO:** non trabas

d) Descubrementos científicos: máquina de vapor. Enerxía mecánica.

A 1ª REVOLUCIÓN INDUSTRIAL transformará gracias ao maquinismo, os métodos de produción artesanal en formas INDUSTRIAIS masivas. Baixos salarios, crece a produtividade

e) Factores:

1 Revolución agrícola: grandes propiedades de explotación:  
Éxodo rural. **CONCENTRACIÓN PARCELARIA** (enclosures= cercamentos dos “campos abertos” e **NOVOS SISTEMAS DE CULTIVOS ROTATIVOS**.

Subsiste a escaseza de alimentos debido ao **CRECIMENTO DEMOGRÁFICO**(aumento da produción agrícola e progresos da medicina (hixiene e vacinas). De 1750 a 1820 a poboación pasa de 7,8 a 14,8 millóns (crecemento urbano).

A emigración a norteamérica, Australia e máis tarde Nova Zelandia,

2 Formación do proletariado URBANO, **CONSECUENCIAS DO EXCESO DA POBOACIÓN**

f) **DESENVOLVEMENTO**:

**INDUSTRIALISMO= LIBERDADE PARA A INICIATIVA PRIVADA**  
**CAPITAL MONETARIO PARA INVERTIR EN MÁQUINAS E**  
**MATERIAS PRIMAS**  
**MAN DE OBRA DISPOÑIBLE**  
**AMPLOS MERCADOS PARA COLOCAR Á PRODUCCIÓN.**

A MANUFACTURA DE ALGODÓN (MANCHESTER) condicións óptimas para a industrialización grazas a organización dun comercio triangular.

Transporte de escravos as plantacións algodoneiras americanas

Importación de algodón a Inglaterra

Exportación de textiles acabados á Africa e aos países de grandes plantacións.

As fábricas de fiados e texidos necesitan pouco K inicial e aseguran grandes beneficios.

Xurden novos sectores industriais que requiren grandes inversións: INDUSTRIA MINEIRA E PESADA que consiguen un gran desenvolvemento a partir de 1840

**REVOLUCIÓN DOS TRANSPORTES** : A exportación de textis fortalece o comercio exterior. A mediados do XVIII ampla rede de canais e estradas. navegación a vapor (1807) locomotora (1814) primeiro ferrocarril (1814)

**g) Desenvolvemento no resto dos países europeos.**

**Inglaterra – único país con Holanda no que xa non impera o réxime feudal**

**Imperio Británico estabilizado (Alto Canadá- inglés; Baixo Canadá- francés. Australia e India). Resistencia británica á Revolución Francesa e ao expansionismo napoleónico  
GB encabeza a industria mundial ate finais do S.XIX. Seguindo ao modelo inglés se industrializan Bélxica, Holanda, Suíza, Francia, Alemania, Suecia. Núcleos de concentración demográfica nos núcleos fabriles. Se relega a agricultura a un segundo plano**

**A primeira lei sobre o traballo nas fábricas é de 1833 despois de miles de protestas polas íhumanas condicións de traballo. En 1847 redúcese a xornada laboral de mulleres e nenos a 10 horas.**

**2.B) CAPITALISMO FINANCEIRO. IMPERIALISMO**

**a) Cronoloxía: 1850- S.XX**

**b) Teorías políticas**

**Democracias occidentais**

**Desenvolvemento do marxismo e o socialismo: URSS.**

**c) Teorías económicas:**

**Capitalismo financeiro. A concentración de capitais e da produción fai que se formen monopolios que compiten polo control de materias primas y mercados. Igual nos organismos bancarios. Desta fusión xurde O CAPITALISMO FINANCEIRO. Poder da alta finanza.**

**Progresiva interdependencia do Estado e da economía financeira. Nacionalización dalgunhas empresas de transporte ou de servizos (ferrocarril, auga, gas, electricidade, teléfono...)e intervención estatal a través dos bancos de emisión para regular a circulación monetaria. Os problemas económicos de control de materias primas e de mercados se convirten en políticos.**

**Política colonial, política proteccionista (tratados comerciais bilaterais**

**d) desenvolvemento técnico:**

**Novas fontes de enerxía: o petróleo e o motor de explosión.**

**Novas industrias: electrotécnicas, químicas), os transportes e**

**as comunicacións (telegrafía, teléfono) aceleran o desenvolvemento do comercio mundial**

**e) Factores**

**Reparto económico do mundo**

**Colonialismo**

**As grandes potencias loitan polo reparto económico e político do mundo. Dende o S.XVI ao S. XVIII. Ate o principio do S.XIX xurden dous tipos de colonias:**

**De asentamento, fundadas por emigrantes que abandonan a patria por motivos políticos ou de superpoboación e buscan un traballo que asegure a súa subsistencia**

**Colonias comerciais que se constitúen como fonte de materias primas (India, africa) que son explotadas por Cías. Privadas que contan coa axuda dos seus gobernos para a defensa dos seus intereses. A creación de imperios coloniais ou de áreas de intereses económicos obedece a causas diversas.**

**f) Desenvolvemento**

**APOXEO DO GRAN CAPITAL. Rápido ascenso dos Estados Industriais: EE.UU, GB, Alemania, seguida por Francia e Xapón; Italia e Rusia se manteñen en vías de desenvolvemento.**

**Crecentes inversións de capital**

**Na metrópoli persiste o incremento demográfico, o éxodo rural e a expansión urbana. En 1880 GB controla o 46% do tonelaxe mercantil mundial . Entre 1880 e 1902 o imperio se incrementa en 14 millóns de km<sup>2</sup>**

**DIVISIÓN COLONIAL DO MUNDO EN 1914**